



Concello de Vilaboa

NORMAS IV MERCADIÑO DE NADAL DE VILABOA

O Concello de Vilaboa organiza o IV Mercadiño de Nadal entre os días 22 de decembro de 2024 e o 6 de xaneiro de 2025, na estrada vella de Paredes, para acompañar ao alumeado de Nadal que organizan os veciños e veciñas deste barrio.

O Mercadiño de Nadal consistirá nunha carpa que conterá casetas, nas que poder ofertar produtos de agasalho, artesanía, alimentación e outros, por veciños e veciñas ou entidades do Concello de Vilaboa que de xeito voluntario se presten a participar no mesmo e teñan dedicación de xeito profesional ou afeccionado a fabricación e/ou venda de tales produtos.

Para a realización do mercadiño o Concello pon a disposición das persoas que van a ofertar os seus produtos nesta edición 6 casetas de madeira desmontables, con teito impermeable e superficie a ocupar de 5 metros cadrados, dimensións totais de 2.76 metros de frontal, 2.28 metros de fondo e 1.80 metros de altura, con dúas portas frontais que abren totalmente e equipadas con enganche de luz e toma de corrente.

O Concello abre dende o día 15 de novembro ata o 5 de decembro, para **que as persoas residentes en Vilaboa que realizan algún tipo de traballo artesá** poidan optar a unha destas casetas. A inscrición é a través de e-mail, no seguinte enderezo: cgallego@vilaboa.gal.

Para ser beneficiario dunha das 6 casetas que o Concello pon a disposición, é preciso cumprir os seguintes requisitos:

- ✚ Residir en Vilaboa
- ✚ Comprometerse a manter a caseta aberta nos horarios que se acorden polos adxudicatarios e o Concello, entre os días 22 de decembro e 6 de xaneiro.
- ✚ Decorar a caseta no exterior acorde co que se decida na xuntanza entre adxudicatarios e Concello.



Concello de Vilaboa

As persoas interesadas deberán enviar os seguintes datos ao e-mail:
cgallego@vilaboa.gal

- ✚ Nome, apelidos e número de DNI
- ✚ Teléfono de contacto
- ✚ Breve descrición das mercadorías que se queren ofertar no posto.

Unha vez rematado o prazo do 5 de decembro, o Concello notificará aos beneficiarios e convocará a estes a unha xuntanza para determinar horario e demais cuestión.

As casetas préstanse gratuitamente por parte do Concello e, si existira máis demanda de casetas ca oferta existente, se decidirá o seu outorgamento en rigoroso orde de entrada da solicitude. Tamén se ofrecerá a posibilidade de compartir espazos, como nos anos anteriores, procurando non deixar a ninguén que queira acudir ao Mercadiño fora del.

O Concello fará promoción en redes sociais para favorecer a participación que as casetas teñan actividade ao longo de todo o tempo que dura o Mercadiño.

É obriga das persoas usuarias das casetas mantelas nas mesmas condicións en que as reciben ata o remate do Mercadiño de Nadal, como segue:

- A caseta está baleira, sen mobiliario, que deberá ser aportado polas persoas usuarias.
- A caseta poderá decorarse cos motivos que cada persoa usuaria considere, sempre e cando esta decoración poida quitarse de xeito sinxelo e non altere as condicións da caseta, por este motivo está prohibido empregar puntas ou pegamentos.
- Unha vez rematado o Mercadiño a caseta terá que ser desaloxada a máis tardar o día 7 de xaneiro, verificando o Concello o estado da caseta.
- As persoas usuarias que deixen produtos de valor na caseta durante o tempo en que permaneza pechada ou polas noites, son responsables do seu contido.



Concello de Vilaboa

- O horario do Mercadiño de Nadal será en días laborais de tarde, e en días festivos e sábados e domingos de mañá e de tarde, a concretar entre o Concello e as persoas adxudicatarias.
- Durante este horario, si algunha das persoas usuarias non pode atender a caseta que ten asignada en algunha data, deberá avisar cando menos con dous días de antelación para que o Concello poida atopar unha ocupación alternativa para eses días, evitando que as casetas estean baleiras durante o tempo de Mercadiño.

Documento asinado dixitalmente.



Concello de Vilaboa

Concello de Vilaboa

C/ Toural, 1, Vilaboa. 36141 (Pontevedra). Tfno. 986708215. Email: info@vilaboa.org